

Cap. 2 – A DEMARCACIÓN

I.- Un salto cuantitativo.

Non podemos precisar cando foi, pero o certo é que aquel “microtopónimo” do reducido chan dun convento beneditino da ribeira do río Mao saltaría desde o val dese río ó contiguo do Sil e por este se expandiría. Na compañía do silencio, da soidade e da vida ascética que impregnaban aquelas ribeiras río abaixo.

En 1914 no Boletín da Comisión Provincial de Monumentos¹ o xurista e erudito ourensán Manuel Martínez Sueiro (1873-1929) publica un artigo titulado “La Ribera Sagrada”, o cal comezaba con este parágrafo:

“La “ribera sagrada” de la Edad Media, era la margen izquierda del Sil, en nuestra provincia, es decir, desde la desembocadura del Lor hasta Los Peares.”

(Obsérvese que escribe o nome con minúscula, é dicir, trátao coma un sintagma de nome común máis adxectivo, non coma topónimo.)

O artigo, a continuación, describe as paraxes e resume a historia monástica facilitando os nomes dunha chea de ruínas e edificacións sagradas que se podían contemplar na zona. Pero o principal valor do traballo son, o noso parecer, os dous fitos que marca: 1º, que é (que saibamos) o primeiro texto que, despois do escrito polo P. Flórez en 1763, volve falar da “Ribeira Sacra” e 2º, que é o primeiro documento que marca uns límites a tal territorio.

A importancia do primeiro caso reside en que dá noticia dun feito que se tivo que producir aínda que non haxa constancia escrita del. Refírome á expansión do topónimo fóra do seu ámbito o cal, sen lugar a dúbidas, se tivo que orixinar na fala oral, por mais que non se reflectise nos escritos.

Poderá parecer algo peculiar que aquel topónimo dun lugar concreto da ribeira do Mao “brincase” a unha zona do río Sil distante 10 ou 12 kms, pero o secreto está en que foi entendido coma un “nome con alma”. Non foi o clásico topónimo que é un nome sen máis. Este era un nome que ó falante lle aportaba un concreto significado. A coincidencia entre significado e significante era tal que sobrepasaba e perdoaba as deslocalizacións, os erros lingüísticos e as vaguidades todas.

Independentemente da análise lingüística que se poida facer unha cousa está clara: a realidade daquelas terras coincidía co novo nome. Como di Carlos Martínez-Barbeito² en 1957:

“Por entonces [año 1124], desde Amandi a los Tres Ríos se sucedían los cenobios, las grutas de anacoretas y las casas de oración. Toda la cuenca del Sil rezaba en la soledad. Se vivía en ella como en una dependencia del cielo, y el único estrépito que turbaba las almas contemplativas era el que formaban en lo profundo de aquellos abismos las agitadas aguas del río”

Ese nome ten tal forza, coherencia e propiedade que é capaz de explicar por si só todo o proceso de aceptación. Un nome que, adrede ou non, errado ou correcto, resultou ser totalmente atinado. Un nome que inspira respecto, evoca tempos pasados e lembra persoas predispostas á renuncia do mundo. Un nome composto que na primeira parte -Ribeira- define un especial espazo xeográfico e na segunda -Sacra- evoca uns valores humanos, relixiosos e artísticos merecentes de todo o respecto pasado e presente.

1 Tomo V Num. 95 corresponde a Maio:Xuño dese ano

2 Galicia. Nota da pax. 490.

II.- As primeiras delimitacións.

Durante moitos anos do s. XX mantívose esa idea de Ribeira Sacra asociada ó último tramo do río Sil se ben con matices variados e persoais sobre as súas lindes. Nunca foi unha demarcación administrativa, nin pertenceu no pasado a unha determinada xurisdición feudal, nin nunca foi considerada coma unha unidade cívica. Por eso ten algo de territorio utópico e indefinido pero ó mesmo tempo afín a unha concepción determinada. É máis conceptual ca xeográfico.

Lembremos varios exemplos de como se consideraban os seus lindes no século pasado:

Vimos no apartado anterior a concreta definición que en 1914 daba Martínez Sueiro.

“la margen izquierda del Sil, en nuestra provincia ... desde la desembocadura del Lor hasta Los Peares.”

En 1924 o eximio D. Marcelo Macías publica un artigo³ titulado “Un diploma interesante” que trata dos mosteiros de Xunqueira de Espadanedo e de Sar. Este xa daquelas estaba desaparecido habendo controversias respecto a súa localización. El consideraba que esta era “... a la derecha del río Miño, y no debía de estar muy lejos de Junquera...” e neste artigo rebate que estivese na Ribeira Sacra, como alguén dicía, posto que

“... la Ribera Sagrada del Sil, Rivoira Sacrata, que se extendía desde la desembocadura del Lor hasta Los Peares, donde el Sil se junta con el Miño, después de haber atravesado por un tajo muy profundo la vertiente norte de Cabeza de Meda...”

Nunha nota a pé de páxina recorda o documento de Dona Teresa que fala de *Rivoira Sacrata* (sic) e engade que:

“ otras dos veces se la designa con este nombre; porque en ella buscaron apartado retiro y seguro refugio los cristianos en la Alta Edad Media, convirtiéndola en una nueva Tebaida, como la del Bierzo, poblada de monjes, ermitaños y anacoretas. El Monasterio de Monte de Ramo, antes de llamarse de Nuestra Señora, se llamó de San Juan de Ribeira Sagrada.”

Dous anos despois atopamos outra especificación do polifacético intelectual D. Ramón Otero Pedrayo (1888-1976). Na súa gran obra “Guía de Galicia” (cunha 1ª edición en 1926 e unha segunda -amplamente modificada- en 1945) non ten ningún apartado sobre a Ribeira Sacra, pero apórtanos algúns datos, de pasada, que nos poden valer.

Falando do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil atopamos unha cita, lixeiramente modificada na segunda edición. Transcribimos ambas:

1ª edición: *“Toda la ribera montañosa del Sil, desde Amandi a Los Tres Ríos, estuvo cubierta de cenobios en la alta Edad Media, mereciendo el nombre de Rivoira Sacrata, que le da por primera vez un conocido diploma de doña Teresa de Portugal (1127).”*

2ª edición: *“Toda la ribera del Sil, desde Amandi a Los Peares fué en la alta Edad Media la Tebaida de cenobios conocida por “Rivoira” o Ribera “Sacrata”, nombre que le da un conocido diploma de Dª Teresa de Portugal (1127).”*

Da parte *Descriptiva (itinerarios)* recolleemos outras dúas referencias parciais: unha, falando do mosteiro de Montederramo, na que cita, sen máis, o lugar:

3 Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Nº 158 de Setembro .-Outubro

1º edición: *“Este monasterio estuvo primeramente en la Ribera Sagrada, orillas del Sil, fundado por doña Teresa de Portugal ...”*

2ª edición: *“Este monasterio fué fundado con el título de San Juan, en la “Rivoira Sacrata”, en 1124, por Dª Teresa de Portugal.”*

A outra referencia está na 2ª edición, capítulo de *“Geografía humana”*, na que evocando os mosteiros inclúe o seguinte texto:

“... San Esteban sobre el surco heroico del Sil, último y venerable representante de la rica floración monástica de la “Ribeira Sacrata”, que pobló de celdas el valle profundo convirtiéndola en Tebaida y...”

Con eses precedentes, nos anos posteriores, as mencións á bisbarra -que tampouco non son moi numerosas- limitan ese espazo, máis ou menos, ó curso final do Sil. As distintas “interpretacións” coinciden en sinalar un final ou remate (seguindo o curso do río) en Os Peares, pero hai matices en canto ó extremo inicial. Uns sitúano en **Amandi**, como Otero Pedrayo (xa mencionado) ou Carlos Martínez Barbeito (no seu libro “Galicia” de 1957).

Outros autores colócanos, de forma máis ampla, en **Ribas de Sil**. Por exemplo:

-José Trapero Pardo, “Un exemplar de patena visigótica en el Museo de Lugo” - 1958.

Varios na desembocadura do río Lor:

-Xesús Ferro Couselo, “Monjes y ermitaños en la Ribera del Miño y del Sil” - 1967

-Antonio Fraguas Fraguas, “Emoción y recuerdo de la Ribera Sagrada” - 1968

-Antonio Rodríguez Colmenero, “La red viaria romana del sudeste de Galicia” - 1976

-Manuel Núñez Rodríguez, “Arquitectura prerrománica” - 1978.

Algún, ademais de sinalar Amandi coma comezo, inclúe as terras de **Montederramo**, o cal ten a súa lóxica se efectivamente se orixinou alí a denominación. Neste caso está:

-Hipólito de Sa Bravo, “El monacato en Galicia” - 1972.

Tamén hai quen precisa por separado as dúas beiras do río e marca a desembocadura do **Lor** pola dereita e a do **Mao** polas esquerda:

-Maximino Arias Cuenllas, “La vida eremítica en Galicia” - 1970.

En 1974, a “Gran Enciclopedia Galega”, editada por Silverio Cañada, non lle dedica ningunha entrada pero algunha vez fai mencións que valen como referencias secundarias. Así, por exemplo, nas descricións dos citados mosteiros do Santo Estevo e de Montederramo expón, respectivamente:

“Cenobio beneditino situado en la parroquia del mismo nombre (Nogueira de Ramuín, Orense), el más importante de los de la llamada desde el s. XII Rivoira sacrata.”

“En un principio se llamó de San Juan, y fue fundado en la Rivoira Sacrata, al parecer, por la reina Teresa de Portugal, ...”

(No 2003 ese mesmo editor publica unha nova versión da Enciclopedia, esta vez en galego, na que si hai unha entrada de “Ribeira Sacra”. Aportase un criterio distinto como veremos no capítulo seguinte.)

Nuns folletos publicitarios editados en 1995 por unha Mancomunidade Ribeira Sacra (existente daquela) figuran mapas dos municipios adheridos que son os ribeiráns do Sil da provincia de Ourense a partires de Castro Caldelas ata Nogueira de Ramuín.

Xa no século actual atopamos no “Diccionario Enciclopédico Galego Universal”, editado por La Voz de

